

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	de Porto do Son	Porto do Son	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1338	Guía no medio natural acuático	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER LOSADA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade no ámbito das actividades deportivo-recreativas na natureza e turismo activo, deportivo ou de aventura e en instalacións de lecer e aventura, así como en actividades socioeducativas de tempo libre, nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación das devanditas actividades e nas de prevención, vixilancia e rescate en espazos acuáticos naturais. Tamén poden exercer a súa actividade en unidades de intervención acuática e equipos de rescate e socorrismo.

Estamos ante un ámbito, o das actividades no medio acuático natural, que vén desenvolvéndose e crecendo moito nos últimos anos; disciplinas como o surf e as súas variantes non deixan de gañar adeptos. De igual forma xorden novas modalidades que xeran novas oportunidades laborais; todo isto unido a gran diversidade paisaxística que ten Galicia e, especialmente, o feito de que é a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa da España peninsular, con 1.498, segundo os datos do INE (Instituto Nacional de Estatística); fan que este módulo cobre gran relevancia dentro da formación dos futuros titulados medios.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación dos equipos e recursos para as rutas no medio natural acuático		20	20
2	Preparación das embarcaciones.		21	20
3	Adaptación das técnicas de navegación.		50	30
4	Técnicas de guiado de grupos no medio natural acuático		10	10
5	Técnicas de rescate e evacuación no medio natural acuático		15	10
6	Evaluación das rutas polo medio natural acuático.		10	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación dos equipos e recursos para as rutas no medio natural acuático	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas no medio natural acuático, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recolleuse a información sobre a navegabilidade, a dificultade e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos necesarios na preparación de actividades por itinerarios no medio natural acuático
CA1.3 Seleccionouse a embarcación e o material necesario para a ruta
CA1.4 Seleccionouse o material persoal de seguridade
CA1.5 Planificáronse as manobras posibles para a navegación e establecéronse os puntos ou as manobras de reunión do grupo e de descanso
CA1.6 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario no medio natural acuático
CA1.7 Planificáronse os medios necesarios para atender continxencias desde a auga ou desde terra
CA1.8 Aplícase a normativa relacionada coa práctica de actividades no medio natural e coa protección ambiental na preparación de itinerarios no medio natural acuático

4.1.e) Contidos

Contidos
Selección do itinerario. Anotacións, guías e outras fontes de información sobre itinerarios no medio natural acuático. Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases. Coidados e mantemento do material de seguridade e de axuda á navegación. Consignas técnicas e de seguridade ás persoas usuarias. Información que cómpre transmitir ás persoas participantes sobre o itinerario. Recollida de información das persoas participantes: autorizacións e permisos.

Contidos
<p>Valoración de riscos asociados a unha ruta no medio natural acuático.</p> <p>Solucións ante incidencias. Previsión de rutas de escape. Servizos de rescate e socorro. Normas de comportamento en situacións de emerxencia en rutas polo medio natural acuático. Factores de risco e medidas preventivas.</p> <p>Normativa aplicable á actividade. Normativa estatal e autonómica. Cuncas hidrográficas. Autorizacións de acceso. Normas de protección do ambiente.</p> <p>Verificación de itinerarios: fases, estimación temporal, valoración técnica dos tramos, accesos, plans alternativos e actividades complementarias. Adaptación do itinerario ás características das persoas usuarias. Adaptacións para persoas con diversidade funcional.</p> <p>Revisión do parte meteorolóxico.</p> <p>Características dos espazos acuáticos e a súa relación coa navegabilidade.</p> <p>Análise de actividades no medio natural acuático de Galicia.</p> <p>Xestión de recursos para as actividades de guía no medio acuático: loxística, transporte de materiais e participantes, servizos complementarios, e medios materiais. Instalacións necesarias antes e despois da actividade.</p> <p>Tipos de embarcacións. Características e idoneidade para cada tipo de actividade.</p> <p>Almacenamento e transporte do material e das embarcacións.</p> <p>Material para rutas no medio natural acuático. Equipamento persoal e colectivo. Elementos de seguridade persoal e de axuda á navegación. Normas de uso. Material para actividades de varios días. Avituallamento.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación das embarcaciones.	21

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a embarcación, seguindo os procedementos para asegurar o bo estado e a funcionalidade dos elementos e dos compoñentes desta	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Transportouse e fondeouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal

Criterios de avaliación
CA2.2 Aparellouse e desapparellouse a embarcación, e comprobouse o bo estado e o funcionamento de todas as súas partes
CA2.3 Verificouse o estado dos compoñentes e dos elementos da embarcación
CA2.4 Identificáronse avarías e os niveis de deterioración nos compoñentes e nos aparellos das embarcacións
CA2.5 Efectuáronse as reparacións básicas nas embarcacións para asegurar a realización da actividade en condicións de seguridade
CA2.6 Organizáronse os espazos na embarcación, para as persoas participantes e para a carga que se deba transportar
CA2.7 Almacenouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Características da embarcación e dos materiais.</p> <p>Normas de seguridade no manexo en terra de embarcacións.</p> <p>Compoñentes e elementos dos aparellos da embarcación. Procedementos de aparello e desapparelo das embarcacións. Embarcacións de vela.</p> <p>Compoñentes e elementos das embarcacións propulsadas por pas ou aletas.</p> <p>Navegabilidade e manobrabilidade específica.</p> <p>Idoneidade das embarcacións en función da ruta, das características do medio, do nivel e dos obxectivos da persoa usuaria.</p> <p>Preparación da embarcación para a ruta. Distribución e suxeición das cargas. Cordame e nós.</p> <p>Mantemento preventivo e operativo de embarcacións. Coidados preventivos. Diagnóstico de deterioración ou avarías. Reparacións básicas e de emerxencia nos diferentes tipos de embarcacións.</p> <p>Almacenamento de embarcacións. Condicións específicas de almacenamento. Estibación de velas, orza, temón, pau, retranca e cascos. Protección e suxeición das embarcacións e do material.</p> <p>Transporte e fondeo dos diferentes tipos de embarcacións. Técnicas de suxeición. Seguridade no transporte de embarcacións. Carros de transporte. Tipos de fondeo.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Adaptación das técnicas de navegación.	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as técnicas de navegación e adáptaaas ás condicións meteorolóxicas e ás características do medio	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse e demostráronse as técnicas de navegación básicas que se deben realizar nas diferentes condicións de navegabilidade
CA3.2 Realizáronse manobras para manter o rumbo de navegación en función da dirección do vento, do caudal, da ondada, da corrente ou da dificultade do tramo
CA3.3 Gobernouse a embarcación realizando as manobras para o cambio de rumbo
CA3.4 Adaptouse a técnica de navegación ás características das persoas participantes, do medio e da actividade
CA3.5 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Análise do tramo de navegación e dos elementos físicos do contorno (dinámica fluvial, ventos, ondas e correntes). Propulsión e resistencia ao avance.</p> <p>Accións técnicas fundamentais con embarcacións propulsadas por pas ou aletas (padexo, padexo circular, tracción orientada, freada, retropadexo circular, control diante, temón de popa, controis e padexos desbordantes, traccións laterais, tracción de control e accións equilibradoras).</p> <p>Accións técnicas fundamentais con embarcacións de vela (cazar, amollar, orzar e arribar). Relación das técnicas coas condicións de vento. Trimado de velas.</p> <p>Utilización das accións técnicas en función da dificultade. Equilibrio, propulsión e condución.</p> <p>Manobras e traxectorias con embarcacións propulsadas por pas ou aletas: saída curta e longa, saída con toma de corrente, cambios de traxectoria, toma de corrente a dereita e esquerda, curtas e longas, parada a dereita e esquerda en contracorrentes de diferente intensidade, ?bacs? a dereita e esquerda, surf nun tren de ondas, navegación en positivo e en negativo, esquimotaxe e recuperación da embarcación.</p>

Contidos
Manobras e traxectorias con embarcacións de vela: atraque e desatraque, parada e arrancada, saída e aproximación co vento a favor e en contra, viraxe por avante e en redondo.
Sistemas de axuda á navegación: dispositivos GPS, aplicacións móbiles, compás, anemómetros e cataventos.
Rutas de seguridade alternativas
Adaptación das técnicas de navegación a persoas con limitacións na súa autonomía persoal.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de guiado de grupos no medio natural acuático	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de guía de grupos por un itinerario no medio natural acuático, adaptándose aos perfís das persoas usuarias, ao medio e aos recursos	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Aplicáronse procedementos de valoración do dominio técnico na progresión polo medio natural acuático en embarcacións propulsadas por pas ou aletas
CA4.2 Aplicáronse procedementos de valoración do dominio técnico na progresión polo medio natural acuático en embarcacións de vela lixeira
CA4.3 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, sobre o uso do material e sobre as normas de actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
CA4.4 Expuxéronse as instrucións necesarias para que as persoas participantes gobernen ou contribúan a gobernar a embarcación
CA4.5 Simuláronse as axudas ás persoas participantes que presenten algunha dificultade técnica, na progresión pola ruta
CA4.6 Simuláronse axudas ás persoas participantes con diversidade funcional
CA4.7 Seleccionáronse os aparellos de comunicación máis adecuados en función da zona

Criterios de avaliación

CA4.8 Especificáronse as medidas que cómpre adoptar ante síntomas de fatiga, insolación, deshidratación ou condutas de risco das persoas participantes

4.4.e) Contidos
Contidos

Determinación do nivel de competencia da persoa usuaria. Valoración de navegación: dirección, propulsión e equilibrio. Valoración de seguridade: activa e pasiva. Valoración de manobras: manobra, equipamento de navegación e aparello.

Manobras de axuda a persoas que presenten algunha dificultade técnica na realización da ruta.

Adaptación da condución de persoas ou grupos de persoas con diversidade funcional.

Sistemas de comunicación en contornos naturais. Criterios de utilización.

Niveis de adquisición do dominio técnico. Criterios de valoración. Erros tipo na execución técnica e na aplicación do esforzo.

Técnicas e instrumentos de obtención de datos para a valoración.

Elaboración de fichas de avaliación para embarcacións a vela e fichas para embarcacións propulsadas por pas ou aletas.

Axudicación, distribución e comprobación do material segundo os perfís das persoas participantes e as condicións ambientais. Material deportivo e de seguridade individual e grupal.

Transmisión de información relevante: consignas técnicas, de seguridade e de motivación. Instrucións durante a actividade. Transmisión de normas e procedementos que compre seguir durante a ruta. Atención especial a persoas con diversidade funcional.

Directrices dos agrupamentos e situación das persoas participantes. Distribución, organización e control do grupo en función da actividade e dos perfís de participantes. Estratexias de control de condutas perigosas das persoas participantes.

Procedementos para o control do tempo e das actuacións durante a actividade. Colocación e desprazamento do persoal técnico.

Detección de síntomas de fatiga, insolación e deshidratación, e medidas que se deben tomar fronte a estes.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas de rescate e evacuación no medio natural acuático	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de rescate e evacuación no medio natural acuático, seguindo os protocolos dos plans de seguridade e emerxencia	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.2 Identifícaronse os puntos de desembarque ao longo da ruta
CA5.3 Demostráronse as técnicas de aproximación e evacuación en caso de accidente
CA5.4 Realizáronse as manobras de desenvorcadura e rescate no medio natural acuático
CA5.5 Utilizáronse os sistemas de rescate asistido ou de autorrescate máis adecuados á situación
CA5.6 Realizáronse as manobras de rescate desde a embarcación, garantindo a seguridade da persoa accidentada e do grupo

4.5.e) Contidos

Contidos
Desenvorcadura da embarcación.
0Estratexias de apoio ao grupo en situacións de emerxencia desde a embarcación, desde a auga e desde a beira.
Utilización do material específico de seguridade e/ou de rescate. Corda de seguridade: agarre e remolque.
Comunicación entre o persoal rescatador.
Técnicas de extracción de persoas caídas á auga en función das características das persoas usuarias, da embarcación e do medio.
Manobras de rescate desde a beira.
Rescate asistido.

Contidos
Manobras de autorrescate. Manobra de home á auga: aproximación, parada e recollida. Envorcadura e recuperación da embarcación. Esquimotaxe. Abandono e entrada na embarcación. Natación en augas bravas. Entrada no leito, posición de seguridade, saída da corrente, natación a contracorrente. Intervencións en función da situación do medio, da persoa accidentada e das posibilidades do/da guía.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Evaluación das rutas polo medio natural acuático.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Avalía as rutas no medio natural acuático, analizando os datos compilados	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Recolléronse datos sobre a actuación do/da guía e sobre as reaccións do grupo na actividade
CA6.2 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos
CA6.3 Marcáronse as pautas que cómpre seguir ante posibles condutas temerarias durante a actividade
CA6.4 Analizouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados nas rutas

Criterios de avaliación

CA6.5 Propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados na ruta

CA6.6 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada

CA6.7 Rexistráronse documentalmente rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias ou técnicas

4.6.e) Contidos
Contidos

Compilación de información. Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade. Fichas de control de valoración da actividade. Tipos.

Análise da actividade, do grupo e do/da técnico/a, e valoración respecto ao programa.

Documentos de avaliación.

Rexistros acerca dos comportamentos do grupo. Rexistros sobre as actuacións do/da técnico ou guía. Rexistro de incidencias e axuste aos tempos previstos. Incidencias que afectan a seguridade do desenvolvemento das actividades. Estimación do grao de seguridade da actividade.

Adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade guiada polo medio acuático.

Memoria e representación de rutas. Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras e de melloras na programación. Documentos gráficos da actividade.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS EXIXIBLES

CA 1.2, 1.3 e 1.4

CA 2.1, 2.2, 2.6 e 2.7

CA 3.2, 3.3 e 3.4

CA 4.2, 4.4 e 4.8

CA 5.2, 5.3, 5.4 e 5.6

CA 6.2, 6.3 e 6.6

CRITERIOS DE AVALIACION:

En canto aos criterios de cualificación, cada un dos instrumentos de avaliación reseñados, devolverá un sistema de puntuación que vai desde o 0 ata o 10. Para acadar un resultado positivo na proba obxecto de cualificación, o alumnado deberá obter un resultado de 5 ou superior. Para a obtención da cualificación utilizarase, de forma xeral o sistema de rúbricas (agás no caso de exames, que se fará por cualificación directa).

En cada unha das avaliacións, recolleranse as cualificacións de cada unha das actividades de aprendizaxe desenvoltas durante o trimestre. Cada unha delas participará na cualificación trimestral informativa na porcentaxe que indican os instrumentos de avaliación deseñados e propostos no apartado. A cualificación obtida no cálculo final da avaliación será un número enteiro entre 0 e 10; faremos un redondeo a alza a partir do decimal 5, por exemplo 7,5 redondeamos a 8.

Por outra banda, para superar o módulo, o alumnado debe asegurarse unha cualificación de 5 ou superior en cada un dos criterios de avaliación que conteñan elementos mínimos esixibles.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O procedemento para establecer as actividades de recuperación pasa polos seguintes puntos:

- Analizar a natureza da parte non superada. Hai resultados de aprendizaxe que precisan unha abordaxe desde unha perspectiva máis procedimental e outras que están vinculadas con procesos de reflexión e/ou de afondamento en coñecementos teóricos.
- Diseñar un procedemento adecuado á natureza da parte a recuperar.

Si a parte a recuperar ten un carácter práctico, deseñárase un programa de prácticas individuais, composto por un proceso de adestramento e/ou aprendizaxe técnico. Desta forma o alumno/a que se sitúe nese caso, utilizará unha parte de algunhas sesións para traballar os elementos descritos no seu programa individualizado.

Si a parte a recuperar está vinculada cun baixo rendemento no estudo persoal, propoñerase un traballo persoal de análise e afondamento sobre a materia.

De igual forma, procederase a realizar unha proba de recuperación por cada unha das avaliacións suspensas, nas últimas semanas de curso, podendo facelo na seguinte avaliación se o transcurso da programación e as actividades previstas o permiten. A media que se debe obter para recuperar a avaliación será de 5 pts, tendo que ter todos os traballos entregados cos criterios solicitados e o resto de apartados superados positivamente.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para realizar a proba de avaliación extraordinaria, debemos recuperar todos os contidos e prácticas realizadas durante o curso.

O alumnado que este nese caso, sigue tendo a posibilidade de asistir as sesións de traballo, algo que se lle recomendará intensamente, xa que os elementos técnicos presentes teñen certa complexidade e vanse pulindo e refinando co avance da materia. Estas características esixen un seguimento moi estreito das sesións, sobre todo, prácticas.

Así, os elementos que deben estar presentes na avaliación extraordinaria deben estar vinculados, en gran parte, á capacidade de demostrar unha suficiencia adecuada no medio acuático, cun dominio dos protocolos de rescate no medio acuático, así como a preparación das embarcacións e o coñecemento e aplicación das técnicas de navegación relacionándolas coas condicións meteorolóxicas e as características do medio.

Nese sentido, deseñárase unha proba específica práctica, na que se demostren os elementos descritos no parágrafo anterior relacionados coa preparación das embarcacións e o coñecemento e aplicación das técnicas de navegación relacionándolas coas condicións meteorolóxicas e as características do medio, aínda que xa foran avaliados en etapas anteriores á perda do dereito a avaliación continua. Ningunha das cualificacións previas a entrada nesta situación serán válidas.

Ademais, propoñeráse tamén unha parte da proba extraordinaria relacionada co ámbito da preparación dos equipos e recursos para rutas no medio natural acuático e a súa valoración analizando os datos recopilados, a través dun exame teórico.

Nas convocatorias extraordinarias, o alumnado con perda do dereito a avaliación continua deberá realizar ámbolos dous apartados. A proba práctica suporá un 70% da cualificación e o exame terá un peso do 30%.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación, como elemento vivo, vaise adaptando ás circunstancias do curso. Nese sentido, precisase contar con datos obxectivos para o rediseño do itinerario previsto nesta programación.

Para coñecer o axuste do curso con respecto á liña programada neste documento, someterase o mesmo a unha lista de cotexo no que se indicarán os items relacionados cos tempos e sesións dedicados a cada unha das UD's e revisaranse os elementos curriculares descritos en cada unha delas.

Para a avaliación da propia práctica docente, utilizarei criterios internos e externos. Para avaliar o cumprimento dos piares básicos da miña práctica docente elaborárase un documento de análises no que se reflectirán os principais indicadores pedagóxicos (estilos de ensino, utilización de materiais de apoio, atención á diversidade, ...) e se graduarán en 5 niveis de cumprimento. Ademais, contarase coa opinión do alumnado, invitándoos a que participen nunha enquisa de valoración da práctica docente, vinculados a diferentes indicadores (puntualidade, claridade nas explicacións, achega de material,...).

Co material recollido por ámbalas dúas estratexias realizaranse as adaptacións precisas nuns ou outros puntos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento de avaliación está encamiñado a descubrir o nivel de coñecemento e desempeño xeral sobre os aspectos básicos do módulo.

Os resultados obtidos da observación diaria das actividades realizadas nas primeiras semanas do curso, poden ser obtidos a través de:

- Test de coñecementos escrito (questionarios).
- Observación de coñecementos mediante preguntas orais.
- Realización de probas prácticas para observar o nivel de partida do alumnado.

Esta avaliación inicial devolverá información sobre o grupo (nivel de destreza, experiencia previa,...) e tamén sobre cada un dos alumnos e alumnas do grupo (nivel técnico, capacidades físicas específicas asociadas ao módulo, dificultades-medos atopados,...). En todo caso, toda a información recollida será exposta na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo están deseñadas co obxectivo de evitar que o alumnado con menor capacidade/experiencia nas actividades propostas, desista de seguir avanzando na súa mellora por sentirse moi lonxe das esixencias do módulo. Esta realidade é relativamente fácil que se produza e, polo tanto, debe ser unha cuestión que debe estar contemplada e valorada. Nas primeiras sesións de traballo, e tamén a través da avaliación inicial, analizarase o perfil do alumnado e decidírase que persoas son susceptibles de caer nesta situación.

Desde as primeiras sesións nas que as dificultades son baixas, progresivamente se van incorporando elementos técnicos e coordinativos que provocan, naqueles con máis limitacións, atrancos no seu progreso. Nese sentido, deseñaranse fichas de traballo, sobre todo de carácter técnico, para paliar as carencias detectadas no desempeño práctico das tarefas. Crearase un banco de recursos técnicos que axuden na mellora daquelas deficiencias técnicas atopadas. E este banco non será solo promovido polo profesor, se non que os propios alumnos e alumnas, serán os encargados de deseñar estratexias e recursos para a mellora daquelas facetas susceptibles de seren traballadas, establecendo, polo tanto, un mecanismo coeducativo de alto valor formativo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Non podemos desligar de ningún xeito a formación, en calquera ámbito, da transmisión dun conxunto de valores, aínda sen pretendelo.

Neste caso, facemos explícitos unha serie de compoñentes que consideramos cualidades que describen virtudes dun bo profesional. Estes compoñentes estarán presentes ao longo de cada sesión de traballo, en cada actividade, en cada tarefa, e definirán un modelo para o desenvolvemento da profesión do futuro técnico, unha profesión que se caracteriza polo alto grao de responsabilidade que esixe, de cara a manter o benestar e a seguridade dos clientes, moitas veces, en situacións de risco para a saúde e incluso, para a vida.

Deste xeito, na nosa intervención como formadores, manexaremos os seguintes principios:

- Espírito emprendedor.
- Formación continuada.
- Respecto pola diversidade, igualdade de trato e non discriminación.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención de calquera tipo de violencia e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto polo medio natural e educación ambiental.

É imposible concretar unha programación detallada no que concerne ao tratamento destes principios. Aproveitaranse as oportunidades educativas que xurdan durante o curso para introducir e tratar, de maneira reflexiva, cada un destes aspectos.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste curso temos previsto realizar as seguintes actividades:

- Xornada completa de rafting no río Ulla.
- Xornada de rescates e actividades variadas no río Ulla.
- Visita a unha estación náutica ou náutico

Poderán realizar as saídas pedagóxicas ofertadas polo departamento aqueles alumnos/as que:

- Demostren os coñecementos mínimos aprendidos para o seu correcto aproveitamento.
- Estar en condicións saudables tanto física como mentalmente, sen restricións da práctica deportiva, sempre que se poda garantir a seguridade do propio alumno e do grupo.
- Demostren un comportamento e actitude correcto (faltas de asistencia, faltas disciplinarias...).

Estos coñecementos e o nivel de condición física serán avaliados polo profesorado que realice dita actividade, podéndose tratar do resultado da realización de probas (traballos, probas escritas, físicas...)